

09 Proxección internacional e mobilidade

A Universidade da Coruña continúa co proceso de internacionalización que lle permita acadar unha perspectiva e un posicionamento no eido internacional. Neste sentido, resulta significativo o aumento constante de participantes en programas de mobilidade por parte dos diferentes colectivos da comunidade universitaria (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos). A Universidade consegue tamén máis presenza no ámbito internacional mediante convenios de intercambio que abranguen todos os ámbitos da actividade académica e, así mesmo, mediante a presenza de visitantes doutras institucións de ensino superior, tanto estatais como internacionais.

Nesta liña, iniciouse, coa primeira convocatoria de axudas á mobilidade internacional para o persoal docente, un programa propio dotado con 20 bolsas e destinado a facilitar acordos e intercambios académicos con institucións de ensino superior e favorecer a presenza da UDC en foros internacionais alén do marco europeo.

Ao longo deste curso emprendeuse a mellora da infraestrutura informática da Oficina de Relacións Internacionais coa implantación de novas aplicacións que integran a ORI no sistema xeral de xestión e axilizan e melloran o rendimento actual.

Púxose en marcha un programa de acollida a estudantes de intercambio que contou coa participación de 62 estudantes do campus da Coruña e 7 do campus de Ferrol, que xa contaba con esta acción. Este programa pretende, como o seu nome indica, facilitar a adaptación dos estudantes procedentes doutras institucións.

Desde o punto de vista das axudas económicas para estudantes, destacan as bolsas complementarias da Fundación Bancaja, que baixaron este ano a 50.000 €. Estas axudas destináronse principalmente á mobilidade do estudiantado e nun 10% a complementar mobilidade do profesorado no ámbito europeo. Así mesmo, proseguíu a colaboración no programa Santander-CRUE de mobilidade iberoamericana, que ofrece 9 bolsas para intercambio do estudiantado con países de Iberoamérica.

Programas europeos

A mobilidade do alumnado, do profesorado e do persoal de administración e servizos segue a aumentar no seu conxunto, em particular no intercambio de estudantes (15,71%). O programa Stella, destinado ao PAS, mantívose como en edicións anteriores como un intercambio, aínda que a participación deste colectivo no *Erasmus Staff Mobility for Training* mostra unha tendencia ascendente (3 saíntes e 5 entrantes).

Estanse a desenvolver e a consolidar os programas iniciados en anos anteriores, como o Erasmus Mundus, o Erasmus Intensivo Iacobus e as Accións Jean Monnet. Mención especial, por ser pioneiro no SUG, merece o


Programa Grundtvig, destinado a fomentar a mobilidade no marco da Universidade Sénior, a que lle foi concedida dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente, unha nova Asociación de Aprendizaxe Grundtvig, co título de *Our Continent-Our Culture* que se desenvolverá desde o ano 2009 ata o 2011.

Programa Leonardo da Vinci

Cómpre salientar o programa Prácticas Hac Luce, cofinanciado pola Deputación da Coruña, que aumentou significativamente a oferta de bolsas de 30 a 90, o que supón triplicar o número de persoas beneficiarias de prácticas preprofesionais co obxectivo de adquirir unha formación complementaria que facilite a inserción laboral dos titulados da universidade.



Cadro 167 Evolución da mobilidade. Erasmus saíntes




Cadro 168 Evolución da mobilidade.
Erasmus entrantes


Programas e convenios bilaterais

No marco dos programas rexidos por convenios bilaterais en que participa a Universidade da Coruña, obsérvase un aumento da mobilidade nun 62,5% no caso dos estudantes saíntes e nun 22,22% no do estudantes entrantes. Consólidase a colaboración cos programas

subscritos coa Asociación Nacional de Universidades e Institucións de Educación Superior de México (ANUIES), con 18 mobilidades (7 saíntes e 11 entrantes) ou coa Fundación Carolina, con 4 estudantes de mestrados entrantes.



Cadro 169 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais



Cadro 170 Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais


Programa	Sáintes	Entrantes
ANUIES-CRUE	7	11
Bilateral	17	66
Erasmus estudos	405	343
Erasmus prácticas	5	
EU Articulation Scheme	2	
Fundación Carolina		6
Programa visitantes		7
Leonardo prácticas	90	
MAE-AECI		2
Total	526	435

Cadro 171 **Resumo da mobilidade de estudantes**

Mobilidade do profesorado

No relativo á mobilidade do profesorado, os programas europeos tenden a se manter estables. Non obstante, cómpre salientar os resultados positivos acadados nas convocatorias de axudas do ano 2008 e 2009, que responden á iniciativa da Universidade da Coruña de dar continuidade ao programa de profesores visitantes autonómico rematado en 2007 (10 e 22 profesores

visitantes, respectivamente). Así mesmo, o programa de visitantes en mestrados do Ministerio de Educación permitiu contar con 40 profesores que visitaron a nosa universidade. Os dous programas recollen as mobilidades estatais e internacionais (7 estatais e 15 internacionais para o programa de axudas UDC; e 12 estatais e 28 internacionais para o programa do Ministerio).



Cadro 172 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus saíntes



Cadro 173 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus entrantes

Convenios internacionais

A Universidade da Coruña tramitou a renovación e estreitar as relacións cun número cada vez maior a sinatura dun total de 63 convenios para ampliar de socios.

Colorado State University	EEUU
Het Perspectief	Bélxica
Institut National de Recherche Agronomique (INRA)	Francia
Instituto de Liderazgo Las Segovias – Fundemuni	Nicaragua
Justus-Liebig-Universität Giessen	Alemaña
Linnéuniversitetet	Suecia
Moscow State University of Linguistics	Rusia
Politechnika Lodzka	Polonia
Pontificia Universidade Católica do Rio Grande do Sul	Brasil
Royal Holloway, University of London	Reino Unido
Tampereen Yliopisto	Finlandia
Universidad Nacional de La Matanza	Arxentina
Universidad Nacional de Lomas de Zamora	Arxentina
Universidad Pedagógica Nacional	México
Universidad Pontificia Bolivariana	Colombia
Universidade Autónoma de Lisboa	Portugal
Universidade Estadual do Oeste do Paraná (UNIOESTE)	Brasil
Universidade Federal do Ceará (UFC)	Brasil
Universidade Federal Rural de Pernambuco (UFRPE)	Brasil
Università degli Studi di Camerino	Italia
Università Della Calabria	Italia
Università Politecnica delle Marche	Italia
Universitatea 'Constantin Brâncusi' din Târgu Jiu	Romanía
Universitatea Crestina "Dimitrie Cantemir"	Romanía
Universitatea din Bacau	Romanía
Université de Poitiers	Francia

Cadro 174 **Convenios internacionais (Erasmus + bilaterais) en 2009**

Outros programas

Proxectos de Cooperación interuniversitaria

A Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) concedeu seis novos Proxectos de Cooperación Interuniversitaria (PCI) á Universidade da Coruña en distintos ámbitos relacionados coa investigación, coa docencia e coas redes temáticas con Iberoamérica. Así mesmo, concedeu un proxecto novo no marco do programa PCI-Mediterráneo con Marrocos. Como consecuencia do conxunto de proxectos concedidos, realizáronse un total de 25 accións de

acollida por parte da Universidade da Coruña entre profesores e estudantes.

Actividades de proxección

A Universidade da Coruña estivo presente nas feiras de posgrao máis importantes de Iberoamérica, como son Europosgrados 2009 (Arxentina e Chile) e Europosgrados 2009 México. A estas mostras, dirixidas ao estudantado iberoamericano, asistiron cerca de 5.000 e 13.000 persoas, respectivamente.

Universidade	Número de alumnos/as
Alcalá de Henares	3
Autónoma de Barcelona	1
Autónoma de Madrid	3
Barcelona	5
Cádiz	1
Complutense de Madrid	3
Córdoba	2
Extremadura	2
Granada	7
Illes Balears	2
Jaén	1
Jaume I	1
La Laguna	8
Las Palmas	2


Universidade	Número de alumnos/as
León	1
Málaga	3
Oviedo	1
País Vasco	5
Politécnica de Cartagena	3
Politécnica de Cataluña	3
Politécnica de Madrid	4
Politécnica de Valencia	2
Pontificia de Salamanca	2
Rey Juan Carlos I (Madrid)	1
Salamanca	2
Sevilla	1
Valencia	2
Total	71


Cadro 175 Destino do alumnado da UDC acollido ao SICUE en 2009-2010

Centro de Linguas


A cifra de 1.846 usuarios dos cursos ofertados polo Centro de Linguas confirma a consolidación deste servizo como instrumento esencial da converxencia cara a un espazo único de educación superior. Ademais dos cursos regulares, o Centro de Linguas encargouse da preparación lingüística do estudiantado da Universidade da Coruña beneficiario de axudas á mobilidade e da formación en lingua española e galega dos 338 estudantes estranxeiros.

En colaboración co Instituto Cervantes, organizou un curso de formación de ensino de linguas, “Introdución ao Ensino de Linguas Estranxeiras”, impartido por profesores da Universidade Pompeu Fabra. Por último, cómpre salientar que desde este curso o Centro de Linguas é centro examinador do IELTS (International English Language Testing System) recoñecido como válido para acreditar o nivel de inglés por todas as universidades de Gran Bretaña, Australia, Nova Zelandia, entre outros países, así como por numerosas empresas.





Cadro 177 Estudantes de linguas estranxeiras en 2008-2009



Cadro 178 Estudantes de linguas estranxeiras por campus en 2008-2009